



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Admvo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria explicativa e económica do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Facenda e a Universidade de Vigo para a posta a disposición a favor da Universidade de Vigo das plantas 5ª a 7ª do edificio administrativo da Xunta de Galicia na rúa Benito Corbal de Pontevedra*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 29 de xullo de 2019.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE FACENDA, E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN A FAVOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO DAS PLANTAS 5ª A 7ª DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA XUNTA DE GALICIA NA RÚA BENITO CORBAL DE PONTEVEDRA TRAS O SEU O ACONDICIONAMENTO

MEMORIA EXPLICATIVA E ECONÓMICA

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é, segundo o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica, o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego no eido das relacións institucionais, atribuíndoselle, así mesmo a esta consellería, a competencia en materia de impulso, coordinación e xestión das actuacións de carácter transversal que poidan afectar á Xunta de Galicia, a xestión de infraestruturas administrativas.

Á Consellería de Facenda, de conformidade co establecido no Decreto 30/2017, de 30 de marzo, polo que se establece a súa estrutura, correspóndelle, a través da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, as competencias en materia tráfico xurídico e de xestión de bens patrimoniais e utilización dos ben de dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia atribuídas pola Lei 5/2011, do 30 de setembro da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Universidade de Vigo é unha institución pública dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, que goza de autonomía, de acordo coa Constitución e a lei, a quen corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo. Son funcións da Universidade ó servizo da sociedade, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística e especialmente a difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ó longo de toda a vida, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver dos seus fins.

No ano 2017, a Xunta de Galicia dá comezo as actuacións necesarias para a posta a disposición do edificio núm. 47 da rúa Benito Corbal, situado no centro da cidade de Pontevedra, para



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica



albergar nas súas tres primeiras plantas as oficinas de emprego, e nas plantas terceira e cuarta, oficinas e locais de entidades e asociacións de interese social, cultural ou sanitario.

Unha vez concluídas a obra principal de rehabilitación faise necesario rematar o edificio para acondicionar as plantas 5ª a 8ª e determinar a utilización desa parte do edificio. Por parte da Xunta de Galicia, considerase axeitado dispor das plantas 5ª, 6ª e 7ª, en favor da Universidade de Vigo, que se realizará mediante concesión demanial de ditas plantas, cuxo trámites serán realizados pola Consellería de Facenda.

O obxecto deste convenio é a posta a disposición a favor da universidade de Vigo, mediante concesión demanial, das plantas 5ª a 7ª do edificio administrativo situado no número 47 da Rúa Benito Corbal de Pontevedra, así como determinar as achegas financeiras da Universidade de Vigo para acometer as obras de acondicionamento das indicadas plantas para cuxa execución xa se iniciaron os trámites necesarios, por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Facenda obríganse a realizar os trámites necesarios para a posta a disposición da Universidade de Vigo, mediante concesión demanial das plantas 5ª e 7ª do referido edificio.

A Universidade de Vigo achegará 350.000€ , distribuídos do seguinte xeito: 70.000 € no ano 2019, e 280.000€ no ano 2020, para o acondicionamento do edificio.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2019

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja



Xacobeo 2021

